

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 4 de agosto de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día catro de agosto do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Así mesmo están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32870.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2023.

2.32871.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE RIBADUMIA PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA RÚA CONDESA E ÁREAS DE ESTACIONAMENTO. BARRANTES”.
(Expte.2023006000)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

As obras proxectadas sitúanse no treito inicial da EP 9506 Barrantes - Vilariño, no centro urbano de Barrantes, concretamente na Rúa Condesa e nos espazos públicos que articulan as comunicacións entre todos os equipamentos deportivos e escolares.



A E.P. 9506 é unha estrada de dobre circulación e de sección variable cuxa zona de actuación está situada integramente no *Concello de Ribadumia*. Ao longo do treito atopamos unha sección con dobre sentido de circulación e beirarrúas estreitas en ambas marxes (a excepción dos últimos cen metros da zona de actuación na marxe esquerda que presenta unha cuneta) sen prazas de estacionamento e con beiravías entre a zona de calzada e as beirarrúas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Preténdese mellorar as condicións de seguridade e mobilidade mediante a urbanización da Rúa Condesa (treito inicial da EP 9506 do P.Q. 0+115 ao P.Q. 0+420) e a execución das áreas de estacionamento nas parcelas anexas ao viario indicadas nos planos.

O obxecto do proxecto é unha actuación urbana que recolla os anacos de espazo que actualmente existen na contorna da Rúa Condesa, facendo deles unha unidade coa rúa, e acondicionalos como dúas áreas de estacionamento para servizo dos autobuses escolares e acceso aos centros educativos e para servizo das instalacións deportivas. O proxecto modifica o trazado e sección da Rúa Condesa ampliando a zona de beirarrúas, executando novas beirarrúas máis amplas de formigón coloreado e unha banda de aparcadoiro en liña na marxe dereita con pavimento de lastro de formigón. Ademais, en dúas parcelas adxacentes de titularidade do Concello acondicionárase dúas zonas de aparcadoiro.

O proxecto prevé a maiores a construción de pasos de peóns sobreelevados, a instalación da rede soterrada de alumeado e a renovación das luminarias existentes no viario provincial, a instalación das canalizacións soterradas da rede de telecomunicacións e a execución da rede de drenaxe.

Por último contéplase a execución dalgúns zonas axardinadas, a instalación do mobiliario urbano e a execución da sinalización horizontal e vertical no treito de actuación ademais da reposición daqueles servizos que se vexan afectados.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	582.217,33 €
IVE	122.265,64 €
Presuposto base de licitación con IVE	704.482,97 €

2.- Aprobación municipal.

O Concello de Ribadumia en sesión plenaria de 02-03-2023 aprobou o convenio obxecto desta proposta.

3.- Informe de supervisión e autorizacións sectoriais.

O proxecto foi supervisado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos dos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais Jaime Ruibal de Sola o 12 de xuño de 2023.

Así mesmo, constan no expediente o Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 23 de maio de 2023.



Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do *Tribunal de Cuentas* recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.



- e) Consecuencias aplicables en caso de incumplimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	493.138,08 €	70
Concello de Ribadumia	211.344,89 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	704.482,97 €	100

A Deputación Provincial de Pontevedra financia o 70 % das obras, 493.138,08€, con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02.

A achega do Concello de Ribadumia será de 211.344,89€ (30% do importe das obras). O Concello financiaa con cargo a fondos propios.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.



Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

1. A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nun vial provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
2. O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da L LRJSP
3. O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación.

Logo do informe da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Ribadumia co seguinte contido:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE RIBADUMIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “URBANIZACIÓN RÚA CONDESA E ÁREAS DE ESTACIONAMENTO. BARRANTES - RIBADUMIA”.

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.



David José Castro Mongán, alcalde do Concello de Ribadumia, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes reconécese con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincia, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, cumprindo co deber de asistencia que debe prestar segundo o disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que as vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións establecidas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9506 Barrantes - Vilariño, que transcorre polo Concello de Ribadumia.

VI.- A E.P. 9506 é unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable cuxa zona de actuación está situada integramente no Concello de Ribadumia. Ao longo do treito atopamos unha sección con dobre sentido de circulación e beirarrúas estreitas en ambas marxes (a excepción dos últimos cen metros da zona de actuación na marxe esquerda que presenta unha cuneta) sen prazas de estacionamento e con beiravías entre a zona de calzada e as beirarrúas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.



Preténdese mellorar as condicións de seguridade e mobilidade mediante a urbanización da Rúa Condesa (treito inicial da EP 9506 do P.Q. 0+115 ao P.Q. 0+420) e a execución das áreas de estacionamento nas parcelas anexas ao viario indicadas nos planos, situados na contorna do conxunto educacional e deportivo que conforman os edificios do núcleo urbano de Barrantes.

O obxecto do proxecto é unha actuación urbana que recolla os anacos de espazo que actualmente existen na contorna da Rúa Condesa, facendo deles unha unidade coa rúa, e acondicionalos como dúas áreas de estacionamento para servizo dos autobuses escolares e acceso aos centros educativos e para servizo das instalacións deportivas. O proxecto modifica o trazado e sección da Rúa Condesa ampliando a zona de beirarrúas, executando novas beirarrúas máis amplas de formigón coloreado e unha banda de aparcadoiro en liña na marxe dereita con pavimento de lastro de formigón. Ademais, en dúas parcelas adxacentes de titularidade do Concello acondicionaranse dúas zonas de aparcadoiro.

O proxecto prevé a maiores a construción de pasos de peóns sobreelevados, a instalación da rede soterrada de alumeado e a renovación das luminarias existentes no viario provincial, a instalación das canalizacións soterradas da rede de telecomunicacións e a execución da rede de drenaxe.

Por último contéplase a execución dalgunhas zonas axardinadas, a instalación do mobiliario urbano e a execución da sinalización horizontal e vertical no treito de actuación ademais da reposición daqueles servizos que se vexan afectados.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ribadumia para a execución do proxecto de obras de “URBANIZACIÓN RÚA CONDESA E ÁREAS DE ESTACIONAMENTO. BARRANTES – RIBADUMIA”.

O obxecto principal do proxecto consiste na actuación urbana que recolla os anacos de espazo que actualmente existen na contorna da Rúa Condesa, facendo deles unha unidade coa rúa, e acondicionalos como dúas áreas de estacionamento para servizo dos autobuses escolares e acceso aos centros educativos e para servizo das instalacións deportivas, así como a modificación do trazado e sección da Rúa Condesa (EP 9506) ampliando a zona de beirarrúas, executando novas beirarrúas máis amplas e unha banda de aparcadoiro en liña na marxe dereita.

Ademais, levarase a cabo unha serie de actuacións como son a execución de muros de sostemento precisos, a execución da rede soterrada de alumeado e renovación das luminarias existentes no ámbito da obra, a execución da rede soterrada de telecomunicacións e a execución da rede soterrada de pluviais nas zonas que carezan dela e adaptando a existente á nova sección da rúa Condesa, a execución de zonas axardinadas, a execución de pasos de peóns sobreelevados, a execución da sinalización horizontal e vertical, a instalación de mobiliario urbano e a reposición de servizos afectados.



Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a cincocentos oitenta e dous mil douscentos dezasete euros con trinta e tres céntimos (582.217,33 €), máis cento vinte e dous mil douscentos sesenta e cinco euros con sesenta e catro céntimos (122.265,64 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de setecentos catro mil catrocentos oitenta e dous euros e noventa e sete céntimos (704.482,97 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Ribadumia mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

<i>Organismo</i>	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Deputación de Pontevedra</i>	<i>493.138,08 €</i>	<i>70</i>
<i>Concello de Ribadumia</i>	<i>211.344,89 €</i>	<i>30</i>
<i>TOTAL OBRAS</i>	<i>704.482,97 €</i>	<i>100</i>

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2023.

A achega do Concello de Ribadumia será de 211.344,89 € (30% do importe das obras) financiase con fondos propios. Este importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberá selle ingresar á Deputación á formalización do convenio.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan Concellos, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Ribadumia.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.



Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Ribadumia obrígaselle a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería e mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.
- 4) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:
 - Treito inicial de 305 m de lonxitude da E.P. 9506 Barrantes – Vilariño, dende o P.Q. 0+115 ao P.Q. 0+420
 - Treito final de 317 m de lonxitude da E.P. 9505, Ramal Igrexa Barrantes, dende o P.Q. 0+562 ata o P.Q. 0+879
 - Treito antigo de 358 m de lonxitude da E.P. 9305 Coirón – Ribadumia – Leiro, situado na marxe esquerda do PQ 9+100
- 5) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fan referencia os apartados 2), 3) e 4).
- 6) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) Correspóndelle a supervisión do proxecto técnico de “URBANIZACIÓN RÚA CONDESA E ÁREAS DE ESTACIONAMENTO BARRANTES - RIBADUMIA”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.
- 2) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.
- 3) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento.

Sétima.- Compensación de débedas.

O Concello de Ribadumia faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.



As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio:

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2025.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución:

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- *Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- *Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento.*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
Luis López Diéguez*

*Polo Concello de Ribadumia,
David José Castro Mougán*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.



Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

3.32872.- ADXUDICACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA DO PROGRAMA “CONECTADAS” ANO 2023 Á CONFRARÍA DE PESCADORES SAN MARTÍN DE O GROVE. (Expte. 2022075085)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, convocou unha nova edición do programa Conectadas 2023, co fin potenciar a participación e promoción das mulleres e favorecer as relacións interpersoais en igualdade, impulsando accións formativas e incorporando de maneira transversal os principios de igualdade, corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Este programa ten por finalidade contribuír a mellora da empregabilidade das mulleres e o seu mantemento no mercado de traballo, superar os malestares das mulleres derivados da desigualdade de xénero, e reducir a brecha dixital mediante a utilización da información e as novas tecnoloxías como ferramenta de uso na vida cotiá.

Na Xunta de Goberno do 16 de xuño de 2023, adxudicáronse un total de 219 accións formativas ás entidades beneficiarias do programa Conectadas 2023; dando traslado desta adxudicación ás entidades interesadas e procedéndose á publicación na páxina Web da Deputación de Pontevedra, do Acordo da Xunta de Goberno e do listado de obradoiros concedidos.

Resultando que no proceso de tramitación das solicitudes, a solicitude realizada pola entidade Confraría de Pescadores San Martín de O Grove foi arquivada incorrectamente por erro e non seguiu o proceso de adxudicación correcto. A súa solicitude cumpre todos os requisitos precisos para ser concedida e, tendo en conta, que non se dana dereitos de terceiros e existe crédito orzamentario na aplicación orzamentaria 23/250.2315.227.07 procede a súa concesión.

Resultando que con data 24 de xullo de 2023 Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme para a admisión e aprobación da solicitude presentada pola entidade *Confraría de Pescadores San Martín de O Grove*.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa Conectadas para o exercicio 2023, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión dunha acción formativa á *Confraría de Pescadores San Martín de O Grove* (CIF:G36014744) do programa Conectadas 2023.



4.32873.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DE 20 NOVAS PRAZAS DO PROGRAMA “EN RUTA COA DEPO 2023”. (Expte.2022063049)

1º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 16 de xuño de 2023, adoptou o acordo de aprobación da adxudicación de rutas e prazas do programa “*En Ruta coa Depo*” 2023. Atendendo aos criterios de prelación establecidos nas Bases Reguladoras do programa, adxudicáronse un total de 19.976 prazas, das cales un máximo de 300 son gratuítas, a 374 entidades, publicándose o anuncio de adxudicación no BOPPO número 119, do mércores 21 de xuño de 2023.

No expediente figuran os anexos cos seguintes CSV:

- Anexo I: Listado das entidades solicitantes aceptadas CSV: N5UJ5KKH3UJBG5N3
- Anexo II: Listado de entidades excluídas CSV: NNJV9KACATWYWLCI
- Anexo III: Listado das entidades con ruta asignada CSV: NT4NM9VBDT1623XB
- Anexo IV: Listado das entidades en lista de espera CSV: RUMDQZJ8ND8JE1WV
- Anexo V: Listado de prazas gratuítas das rutas adxudicadas CSV: HKNTM2MP1GZ0AZ8A
- Anexo VI: Listado de prazas gratuítas en espera das rutas adxudicadas CSV: HQ8LZQ7N4G38FGT3

2º.- Con data 18 de xullo de 2023, a Asociación de Mulleres Poza da Moura Domaio (NIF: G36390284), beneficiaria da adxudicación de 34 prazas do programa “*En Ruta coa Depo*” para a saída do día 29 de xullo de 2023, presenta a través de instancia xenérica solicitude de ampliación do número de prazas inicialmente solicitadas e aprobadas, declarando “(*...por erro marcou na solicitude de participación do programa o autobús de 34 prazas, específico para entidades que contén con persoas con mobilidade reducida, en lugar de o autobús de 54 prazas, polo que solicita aumentar de 34 a 54 prazas a súa ruta, aprobada para o sábado 29 de xullo de 2023, por non contar na entidade con persoas con mobilidade reducida (...)*)”.

3º.- Con data 20 de xullo de 2023, Intervención emite dilixencia de “fiscalizado e conforme” do expediente para a aprobación das citadas prazas, deixando constancia que “(*...o órgano competente para a concesión é a Xunta de Goberno, non obstante no caso de urxencia podería ser aprobada por Resolución Presidencial, dando conta da aprobación a vindeira Xunta de Goberno. (...)*)”.

4º.- Dada a urxencia da saída para o día 29 de xullo, e de conformidade co establecido na normativa vixente, apróbase por Resolución Presidencial de 26 de xullo de 2023, número 2023005912, a adxudicación de 20 novas prazas do programa “*En Ruta coa Depo 2023*” á Asociación de Mulleres Poza da Moura de Domaio (NIF: G36390284).



Considerando que o órgano competente para aprobación das prazas, é a Xunta de Goberno, e de conformidade coa lexislación aplicable, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Ratificar a RP número 2023005912, de 26 de xullo de 2023, pola que se aproba a adxudicación de 20 novas prazas do programa “*En Ruta coa Depo 2023*” á Asociación de Mulleres Poza da Moura de Domaio (NIF:G36390284).

RP número 2023005912 (CSV): MRJ0M4GZ9OI1KAJP.

Pódese verificar a integridade destes documentos no enderezo: <https://sede.depo.gal>

5.32874.- DAR CONTA E ACEPTAR DÚAS RENUNCIAS, ADXUDICACIÓN DE DOUS OBRADOIROS, SUBSANACIÓN DE ERROS E MODIFICACIÓN DA LISTA DE ESPERA DO PROGRAMA “DEPO EN MARCHA 2023”(Expte.2022063047)

1º.- Por Acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 5 de maio de 2023, número 4.32607, aprobouse a adxudicación dos obradoiros ás entidades de maiores, xubilados e pensionistas e outras entidades da provincia de Pontevedra, no marco do Programa “*Depo en marcha 2023*”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras do programa, e que supoñen un total de 130, así como a relación de entidades en lista de espera son un total de 91.

O anuncio de adxudicación publicouse no BOPPO número 91 e na páxina web o venres 12 de maio de 2023. Os Anexos de obradoiros adxudicados e de entidades en lista de espera figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: VHTCKDQRM6WOWI3I e VE065LNTMSNWV16G, respectivamente.

2º.- Iniciado o programa, detéctase que a solicitude de participación da *Asociación Centro Social Cultural e Recreativo de Cedeira con NIF número G-36.146.108* e número de expediente 2023009908 foi arquivada indebidamente cando reunía os requisitos para ser adxudicataria dun obradoiro encadrada no criterio 3) “*Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas nas anteriores*” establecido na base 14.2 da Convocatoria, omitíndose en consecuencia a súa inclusión na listaxe de entidades adxudicatarias.

Dado que a prelación dentro de cada grupo de entidades atendía á orde de rexistro de entrada das solicitudes, e que a citada asociación presentara a súa solicitude o primeiro día do prazo, é dicir, o 14 de febreiro de 2023, a Asociación posicionouse no primeiro posto da lista de agarda que foi publicada na páxina web da Deputación.

3º.- Con data 21 de xuño e 5 de xullo de 2023, nº de rexistros WEB2023039342 e WEB2023042183, a *Asociación de Mulleres Rurais Os Muíños de Curantes* con NIF G-36.462.273 (expediente nº 2023017125) e a *Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo* con NIF número G-27.712.306 (expediente nº 2023011847), adxudicatarias do programa, presentan respectivamente renuncia aos obradoiros adxudicados ao non acadar o número mínimo de persoas participantes.



4º.- Con data 7 de xullo de 2023, e número de rexistro WEB2023042909, a *Asociación de Vecinos Monte da Mina de Castrelos, con NIF número G-36.623.593* (expediente nº 2023011879), presenta alegación, a través de instancia xenérica, en canto que foi excluída por ter débedas ca AEAT, cando no listado provisional aprobado inicialmente figuraba coma admitida.

Segundo os criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras, a dita entidade lle correspondería figurar no posto décimo noveno (19) da lista de agarda.

5º.- Segundo se recolle no apartado 10) do Acordo de adxudicación, *“O prezo unitario por obradoiro é de 1.122,43 euros (IVE incluído), polo que a adxudicación de 130 actividades formativas ascende a un total de 145.915,90 euros con cargo á aplicación 23/231.2311.227.07 do Orzamento provincial”.*

6º.- En consecuencia, presentada a renuncia das dúas asociacións citadas no punto 3º, permitiría a existencia de crédito suficiente para adxudicar os novos obradoiros ás dúas primeiras entidades da lista de agarda, que son as seguintes:

Nº	EXPTE	NIF	ENTIDADE	CONCELLO	OBRADOIRO
1	2023009908	G36146108	ASOCIACIÓN CENTRO SOCIAL CULTURAL E RECREATIVO DE CEDEIRA	Redondela	Informática avanzada
2	2023011394	G94151081	ASOC DE VECIÑAS E VECIÑOS AMEIXOA	Salceda de Caselas	Restauración de Mobles e Tapicería

7º.- En canto á competencia recóllese na base 14.1 da convocatoria que: *“(…) O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude, e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, e por razóns de urxencia xustificada, poderá autorizarse mediante unha resolución da deputada delegada da área, que lle dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno(…)”.*

8º.- Con data 27 de xullo de 2023, Intervención emite dilixencia de *“fiscalizado e conforme”* respecto do informe proposta para a aprobación de dúas renuncias, a adxudicación de dous obradoiros, a subsanación de erros e para a modificación da lista de espera emitido pola Adxunta á xefatura de servizo de Cohesión Social e Xuventude (CSV: 21PRFC0879MT0KZ0) de data 26 de xullo de 2023.

A Xunta de Goberno é o órgano competente para a súa aprobación, de acordo co establecido na base 14.1 da convocatoria.

Normativa aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Bases do programa Depo en Marcha 2023.

De acordo co exposto, e ao abeiro do establecido nas Bases Reguladoras do programa “*Depo en Marcha*” 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro- Dar conta e aceptar dúas renuncias, presentadas pola *Asociación de Mulleres Rurais Os Muiños de Curantes*, con NIF G-36.462.273 (expediente nº 2023017125), e pola *Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo*, con NIF número G-27.712.306 (Expte. nº 2023011847).

Segundo- Subsanan os erros, ao non ter en conta no momento da primeira adxudicación a solicitude de participación presentada pola *Asociación Centro Social Cultural e Recreativo de Cedeira*.

Terceiro- Adxudicar os obradoiros solicitados polas entidades *Asociación Centro Social Cultural e Recreativo de Cedeira* (NIF número G-36.146.108 e número de expediente 2023009908) e á *Asociación de Veciñas e Veciños Ameixoa* (NIF:G94151081 e número de expediente 2023011394), segundo a orde da lista de agarda.

Cuarto- Actualizar a lista de agarda (CSV: 5TUPHOQSBUDJTAIF), segundo o anterior, incluíndo á entidade *Asociación de Vecinos Monte da Mina de Castrelos*, con NIF número G-36.623.593, e expediente nº 2023011879, que figuraba erroneamente na lista de entidades excluídas.

6.32875.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE OIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “SINALIZACIÓN DA RUTA MÁXICA DE OIA”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte.2022034226)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión do día 1 de xullo de 2022, unha subvención a favor do *Concello de Oia*, con NIF: P3603600B, para a “*Sinalización da Ruta Máxica de Oia*”, por un importe de 3.206,09 €, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022, e recibido escrito do concello interesado na sede electrónica, de 28 de xuño de 2023 (núm. de rexistro WEB2023040633), a través do cal renuncia á subvención concedida no seu día por non poder cumprir os prazos de execución das obras obxecto da axuda, e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención provincial, de 20 de xullo de 2023, con CSV:MWJRUZZX4X3PW0VL, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta a dita renuncia e declara concluso o citado procedemento, de acordo co disposto no artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



7.32876.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA AS “OBRAS DE CONSERVACIÓN NO AUDITORIO DA CASA DO CONCELLO”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte.2022034249)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión do día 1 de xullo de 2022, unha subvención a favor do *Concello de Mondariz-Balneario*, con NIF: P3603100C, para as “*Obras de conservación no auditorio da casa do concello*”, por un importe de 2.641,84 €, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022, e recibido escrito do concello interesado na sede electrónica, de 30 de xuño de 2023 (núm. de rexistro WEB2023041023), a través do cal renuncia á subvención concedida no seu día pola imposibilidade de realización da actividade subvencionada, e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención provincial, de 21 de xullo de 2023, con CSV:HXMJMIASFJVG YV8W, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta a dita renuncia e declara concluído o citado procedemento, de acordo co disposto no artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8.32877.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023051131)

Vista a relación de facturas con número 2023051131, que contén 17 facturas e por un importe de 53.793,31€ e con CSV: XMCGDB2EN0L94U8F, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 28/07/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	52.984,18 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	809,13 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	53.793,31 €

9.32878.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-7102 SERRAPIO-PORTELA, P.Q. 1+950 AO P.Q. 3+150 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE)”. (Expte.2023042340)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.



Resultando.- Que a EP – 7102, de Serapio a Portela, que pertence á Deputación de Pontevedra, ten unha lonxitude total de 9.350 metros e descorre polos *concellos de Cerdedo – Cotobade e A Estrada*.

Resultando.- Que coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de seguranza viaria e mobilidade, asinouse na data 01/03/2023, convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Cerdedo-Cotobade* para a execución do proxecto “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, por un importe de 436.589,19 €.

Resultando.- Que no citado convenio, recóllese que os investimentos necesarios par a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación e o *Concello de Cerdedo-Cotobade* mediante as seguintes cantidades:

Entidade	Achega	%
Deputación de Pontevedra	436.589,19 €	100

Resultando.- Que recolle tamén que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redactar o proxecto técnico para a execución das obras, así como a súa licitación, dirección execución e recepción.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, de inicio do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A. o proxecto de execución da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, cun orzamento base de licitación de 436.589,19 € IVE incluído.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202300024089 por importe de 436.589,19 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que constan no expediente autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (CSV) ALHX6QDFW9QQA8DT e por Augas de Galicia (CSV) 8WKLIGOGFZP3SWG e informe favorable de supervisión do proxecto (CSV) HINO9G6FAB9T069V emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais en funcións.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/03/2023 acordou aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, cun orzamento base de licitación de 436.589,19 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) WGJ8AFEJE6PROJ2M.



Resultando.- Que consta no expediente dilixencia de aprobación definitiva do proxecto “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” (CSV):4GZIUS40DBDKQ3QM.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que foi emitido polo Secretario Xeral o preceptivo informe que consta no expediente con CSV: AL6XZQ3EYNZCHTCP, no que se recolle o seguinte: “*...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse informe de fiscalización do expediente, ó que se lle asignou o CSV: F97V0YK4KT5KYRCS, no que se recolle o seguinte: “*...Respecto da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio necesaria para a execución das obras cabe sinalar que establece como condición que “Modificarase o muro de contención de perpiaño que se proxecta entre os PK 2+970 e PK 3+080, debendo empregar materiais pétreos de características litolóxicas o máis semellantes en composición, cor, granulometría e disposición construtiva ós muros de contención e peche tradicionais existentes na contorna inmediata. Caso de que isto se considerase imposible por razóns de estabilidade estrutural, o muro de perpiaño recubrirase polo exterior cunha folla autoportante de fábrica de pedra das devanditas características, para a preservación da imaxe ambiental do ámbito”. Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non fíxeren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro.
CONCLUSIÓN Polo exposto, *infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...*”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.



Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante*”.

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..*”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que “*A adxudicación realizárase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, cun orzamento base de licitación de 436.589,19 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	360.817,51 €
IVE (21%).....	75.771,68 €
Importe Total.....	436.589,19 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV):US66QK3ZQX86O30N, e de prescricións técnicas con código (CSV):WGJ8AFEJE6PROJ2M, que rexerán neste procedemento.



3. Autorizar o gasto por importe de 436.589,19 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

10.32879.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9302 EN BROULLÓN (DO P.Q. 0+780 AO P.Q. 0+970) E COBAS (DO P.Q. 2+400 AO P.Q. 2+550), NO CONCELLO DE MEAÑO”, POLO PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. (Expte.2021065111)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 5 de agosto de 2022 adxudicou a obra “Mellora da mobilidade peonil na EP 9302 en Broullón (do PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (do PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño” á empresa *Elsamex Gestión de Infraestruturas, S.L.* (B88586920) por importe total, IVE engadido, de 346.060,00 € e cun prazo de execución de 6 meses.

Con data 10/03/2023 a Xunta de Goberno aprobou unha ampliación do prazo de execución de 1,5 meses establecendo como data de finalización de obra o 30/04/2023.

Con data 15/06/2023 asínase a acta de recepción da obra con observacións desfavorables da Intervención.

Con data 04/07/2023 o director de obra informa (CSV: GGSY6D48TUEFT43) que se respectaron as indicacións e condicionantes emitidos pola Xefatura Territorial de Cultura e Turismo tanto no mantemento da estética como en materiais e rasantes, prestando especial atención aos redores da igrexa de Broullón.

Con data 04/07/2023 preséntase por Rexistro a certificación final asinada polo contratista e a dirección de obra (TC5BWM5PLLPLCHOG) e con data 19/07/2023 a factura de dita certificación (Expte. factura 2023049389).

O informe de Intervención de data 21/07/2023 da fiscalización da certificación nº final da obra recolle a seguinte observación:

A pesares de que a obra se recepcionou favorablemente polo representante da Administración con data 15/06/2023 consta informe desfavorable da Intervención Provincial indicando, entre outras xa emendadas, a seguinte observación:

“A Xefatura Territorial de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia emite unha autorización sectorial respecto desta obra na que impón unhas determinadas condicións de execución. Estas condicións, segundo entende o representante da Intervención, poderían implicar diferenzas de execución respecto do proxecto aprobado. Non existe no expediente, a xuízo desta Intervención, documentación que permita corroborar que se cumpren os citados condicionantes nin é posible tampouco confirmar este extremo na visita da obra. Por tanto, faise constar a limitación derivada da falta de información sobre a execución exacta da obra respecto destas condicións e a súa repercusión nas unidades de obra realmente executadas.”



CONCLUSIÓN

Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito.

Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da obriga da certificación nº final da obra “*Mellora da mobilidade peonil na intersección da E.P. 4006 Pontearreas-As Neves, do P.Q. 11+960 ao 12+080 (Concello de As Neves)*”, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS SL		
B88586920	23/456.4530.612.02.2021	27.690,61 €
SUBTOTAL		27.690,61 €
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	769,24 €
Taxa control de calidade (3% PEM Lic)		625,96 €
Total descontos	Id.	1.395,20 €
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		26.295,41 €

- 11.32880.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA S.A. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE RENOVACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DA SOLUCIÓN DE CONTROL DE ACCESO DOS USUARIOS E DISPOSITIVOS Á REDE CORPORATIVA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2019042855) (Devogaran 2023048872).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 27 de decembro de 2019 (CSV.- NWOQLM4N5DQWCM6W), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de renovación, soporte e mantemento da solución de control de acceso dos usuarios e dispositivos á rede corporativa da Deputación de Pontevedra*” (Expte.2019042855).

Para responder da realización deste contrato, a empresa SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA S.A. (A-33117995), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 3.589,76 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900229001, de data 13/12/2019, mediante aval de CASER.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Xefe do Servizo de Novas tecnoloxías que di: “Finalizado o contrato referido, o xefe do Servizo de Turismo Rías Baixas, responsable do contrato, non comunicou ningún vicio ou defecto na realización do servizo ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista, polo que, transcorrido o prazo de garantía, e, en virtude do artigo 111.2, da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, o que procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións dos intereses legais correspondentes por parte do adxudicatario no caso de non devólvese sen causa xustificada.”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola empresa SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (A33117995), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente a devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do expediente de contratación relativo á “*Servizo de renovación, soporte e mantemento da solución de control de acceso dos usuarios e dispositivos á rede corporativa da Deputación de Pontevedra*” (Expte.2019042855), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CASER, por un importe de 3.589,76 €, que foi depositada na Tesourería Provincial segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900229001 de data 13/12/2019.

12.32881.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EULEN SEGURIDAD S.A. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2020048902) (Devogaran 2023049788)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 9 de xullo de 2021 (CSV.- GF2M5QNRCP39Q0I), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de seguridade e vixilancia no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020048902).



Para responder da realización deste contrato, a empresa EULEN SEGURIDAD, S.A. (A-28369395), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 29.502,00 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100125753, de data 30/06/2021, mediante aval de ABANCA.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación que di: *“Finalizado o contrato referido, a xefa de Xestión do Centro Príncipe Felipe, responsable do contrato, non comunicou ningún vicio ou defecto na realización do servizo ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista, polo que, transcorrido o prazo de garantía, e, en virtude do artigo 111.2, da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, o que procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións dos intereses legais correspondentes por parte do adxudicatario no caso de non devólvese sen causa xustificada.”*

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa EULEN SEGURIDAD, S.A. (A28369395), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente a devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do expediente de contratación relativo á *“Servizo de seguridade e vixilancia no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra”* (Expte. 2020048902), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de ABANCA, por un importe de 29.502,00 €, que foi depositada na Tesourería Provincial segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100125753 de data 30/06/2021.

13.32882.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CASA PEPE VIGO S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE (LOTE 1)”. (Expte. 2020055591) (Devogaran 2023047215)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 3 de setembro de 2021 (CSV.- K46CCEVJ15ZB15W4), adxudicouse o contrato relativo a *“Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra (Lote 1)”* (Expte. 2020055591).



Para responder da realización deste contrato, a empresa CASA PEPE VIGO, S.L. (B36743714), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 3.804,31 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100158450 de data 19/08/2021 mediante aval de BANCO BILBAO VIZCAYA.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido pola Xefa do Servizo de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe no cal informa que as empresas adxudicatarias do contrato de “*Subministración de produtos de alimentación ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*” e relacionadas no antecedente segundo do presente informe, cumpriron satisfactoriamente co obxecto do contrato, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución das garantías definitivas depositadas.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa CASA PEPE VIGO, S.L. (B36743714), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente a devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do expediente de contratación relativo á “*Subministración de produtos de alimentación ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra (Lote 1)*” (Expte. 2020055591), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de BANCO BILBAO VIZCAYA, por un importe de 3.804,31 € que foi depositada na Tesourería Provincial segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100158450 de data 19/08/2021.

14.32883.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA MIGUEL ANGEL VENTIN PORTAS ANY PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE (LOTES 2 E 4)”. (Expte. 2020055591) (Devogaran 2023047215)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 3 de setembro de 2021 (CSV.- K46CCEVJ15ZB15W4), adxudicouse o contrato relativo a “*Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra (Lotes 2 e 4)*” (Expte. 2020055591).



Para responder da realización deste contrato, a empresa MIGUEL ÁNGEL VENTÍN PORTASANY, S.A. (35300200Y), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de:

- 1.150,74 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100159430 de data 19/08/2021 (Lote 2).
- 4.970,95 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100159428, de data 19/08/2021 (Lote 4).

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido pola Xefa do Servizo de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe no cal informa que as empresas adxudicatarias do contrato de “*Subministración de produtos de alimentación ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*” e relacionadas no antecedente segundo do presente informe, cumpriron satisfactoriamente co obxecto do contrato, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución das garantías definitivas depositadas.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa MIGUEL ÁNGEL VENTÍN PORTASANY, S.A. (35300200Y), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente a devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do expediente de contratación relativo á “*Subministración de produtos de alimentación ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra (Lotes 2 e 4)*” (Expte. 2020055591), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas en metálico, por importes de:
 - o 1.150,74 € que foi depositada na Tesourería Provincial segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100159430 de data 19/08/2021 (Lote 2).
 - o 4.970,95 € que foi depositada na Tesourería Provincial segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100159428 de data 19/08/2021 (Lote 4).



15.32884.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ELMAR FROZEN FOOD S.L.U. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE (LOTE 3)”. (Expte. 2020055591) (Devogaran 2023047215)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 3 de setembro de 2021 (CSV.- K46CCEVJ15ZB15W4), adxudicouse o contrato relativo a “*Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra (Lote 3)*” (Expte. 2020055591).

Para responder da realización deste contrato, a empresa ELMAR FROZEN FOOD, S.L.U. (B27849421), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.685,84 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100159417 de data 19/08/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido pola Xefa do Servizo de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe no cal informa que as empresas adxudicatarias do contrato de “*Subministración de produtos de alimentación ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*” e relacionadas no antecedente segundo do presente informe, cumpriron satisfactoriamente co obxecto do contrato, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución das garantías definitivas depositadas.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa ELMAR FROZEN FOOD, S.L.U. (B27849421), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente a devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do expediente de contratación relativo á “*Subministración de produtos de alimentación ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra (Lote 3)*” (Expte. 2020055591), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por un importe de 2.685,84 € que foi depositada na Tesourería Provincial segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100159417 de data 19/08/2021.



16.32885.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FRUTAS JOFESA S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE (LOTE 5)” (Expte. 2020055591) (Devogaran 2023047215).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 3 de setembro de 2021 (CSV.- K46CCEVJ15ZB15W4), adxudicouse o contrato relativo a “*Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra (Lote 5)*” (Expte. 2020055591).

Para responder da realización deste contrato, a empresa FRUTAS JOFESA S.L. (B-32446981), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.547,06 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100159881, de data 23/08/2021, mediante aval de BANCO SANTANDER.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido pola Xefa do Servizo de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe no cal informa que as empresas adxudicatarias do contrato de “*Subministración de produtos de alimentación ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*” e relacionadas no antecedente segundo do presente informe, cumpriron satisfactoriamente co obxecto do contrato, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución das garantías definitivas depositadas.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa FRUTAS JOFESA S.L. (B32446981), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente a devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do expediente de contratación relativo á “*Subministración de produtos de alimentación ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra (Lote 5)*” (Expte. 2020055591), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de Banco Santander, por un importe de 2.547,06 €, que foi depositada na Tesourería Provincial segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100159881 de data 23/08/2021.



17.32886.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA PANIFICACIÓN CAMPELOS DO SOTO S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE (LOTE 6)”. (EXPTE. 2020055591) (Devogaran 2023047215)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 3 de setembro de 2021 (CSV.- K46CCEVJ15ZB15W4), adxudicouse o contrato relativo a “*Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra (Lote 6)*” (Exppte. 2020055591).

Para responder da realización deste contrato, a empresa PANIFICACIÓN CAMPELOS DO COTO S.L. (B36438083), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.355,12 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100154648 de data 10/08/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido pola Xefa do Servizo de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe no cal informa que as empresas adxudicatarias do contrato de “*Subministración de produtos de alimentación ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*” e relacionadas no antecedente segundo do presente informe, cumpriron satisfactoriamente co obxecto do contrato, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución das garantías definitivas depositadas.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa PANIFICACIÓN CAMPELOS DO COTO S.L. (B36438083), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente a devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do expediente de contratación relativo á “*Subministración de produtos de alimentación ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra (Lote 6)*” (Exppte.2020055591), sen que existan obrigas pendentes.



- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 1.355,12 € que foi depositada na Tesourería Provincial segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100154648 de data 10/08/2021.

18.32887.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURALS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2023 (Expte. 2023001151)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 24 de xaneiro de 2023 aproba as bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola area de Intervención e co seu informe favorable sobre existencia de consignación, por un importe de 126.365,94 €, con cargo á aplicación 23/334.3340.489.05 do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a proposta de concesión de subvencións a 57 entidades culturais sen fins de lucro para a realización de actividades de dinamización da lingua, ano 2023 e que figuran co CSV: TD0CW2IVK11FLWLM, excluindo deste programa un total de 3 solicitudes por non cumprir coas bases establecidas e que figura co CSV: QSMSO9ZCAKYRLXCV.

19.32888.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

20.32889.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilma. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

